

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15941** *Real decreto 1307/2011, do 26 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na redacción dada polo Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, establece que os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, até unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico. Da mesma forma, determínase na citada disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, que o prezo e as condicións de cesión dos dereitos de cobramento susceptibles de seren cedidos ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico se establecerán mediante real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio, e de Economía e Facenda.

O Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, tivo por obxecto desenvolver os números 4 e 5 da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no referente ao activo e pasivo do Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico.

A modificación do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, é, por tanto, necesaria para determinar o prezo e as condicións de cesión do desaxuste temporal de liquidacións do sistema eléctrico que se produza en 2010.

Por outro lado, a través da presente modificación do Real decreto 437/2010 flexibilízase o procedemento para levar a cabo a emisión de instrumentos financeiros de forma competitiva. Neste senso, introdúcese a posibilidade de venda simple de valores, o que permitirá que o Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico poida aproveitar esta forma de financiamento e facilitar a consecución do obxectivo xeral de minimización do custo de financiamento ao longo da vida do Fondo. Para garantir o dobre obxectivo de minimización de prezos e de emisión competitiva, establécese que nas operacións de venda simple se seleccionará unha ou varias entidades subscritoras de forma individual mediante un procedemento competitivo baseado en criterios tales como o prazo, o prezo e o volume que se vaia subscribir.

Finalmente, habilítase a Comisión Interministerial que ten como finalidade velar polo correcto cumprimento das condicións en que se deben executar as tarefas asignadas á Sociedade Xestora do Fondo de Titulización para aprobar o prezo das operacións de venda simple de instrumentos financeiros e seleccionar as entidades subscritoras desas operacións.

Este real decreto foi obxecto do informe 10/2011 da Comisión Nacional de Enerxía, aprobado polo seu Consello de Administración na reunión do 28 de abril de 2011, e para a súa elaboración tiveronse en conta as alegacións formuladas no trámite de audiencia.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos emitiu informe sobre este real decreto na súa reunión do 15 de setembro de 2011.

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da

planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

O Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo iii do número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«iii. «Dereitos de cobramento déficit 2010», «Dereitos de cobramento déficit 2011» e «Dereitos de cobramento déficit 2012»: recoñécense dereitos de cobramento polo financiamento dos déficit peninsulares e extrapeninsulares xerados para cada un dos tres exercicios comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2012, que se recuperarán nun prazo máximo de 15 anos contados desde o 1 de xaneiro do exercicio seguinte ao do seu recoñecemento. O importe pendente de cobramento de cada un dos dereitos será igual ao importe dos déficit de ingresos que, se for o caso, se considere que se poidan producir nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico polas disposicións polas cales se aproben as peaxes de acceso ata o 1 de xaneiro de 2013, sen prexuízo do establecido no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico. Os citados importes serán recoñecidos cada ano na orde ministerial pola cal se fixan as tarifas de acceso do ano seguinte, momento a partir do cal os dereitos poderán ser cedidos ao referido Fondo de titulización. O importe dos «Dereitos de cobramento déficit 2010» verase incrementado polo desaxuste temporal das liquidacións do sistema eléctrico que se produza en 2010, que será o que resulte no informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre os resultados da liquidación 14 de 2010, até unha contía máxima de 2.500 millóns de euros.

Calquera diferenza positiva que puider xurdir entre o importe do déficit que se recoñeza nesas ordes ministeriais e o resultante das catorce liquidacións correspondentes a cada un dos períodos de que se trate terase en conta á hora de establecer o déficit *ex ante* do período seguinte, que deberá ser minorado na dita cantidade.

A diferenza positiva que puider xurdir entre o importe que se recoñeza para o déficit de 2012 e o resultante das 14 liquidacións correspondentes a tal período considerarase un ingreso liquidable do sistema.

Calquera diferenza que puider xurdir entre o importe das 14 liquidacións de cada exercicio e o resultante das liquidacións definitivas correspondentes considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.»

Dous. O número 3 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«3. O prezo de cesión dos dereitos de cobramento definidos no parágrafo iii do número 1 do artigo 2 será o importe do déficit de ingresos que se estime que se pode producir nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico, nas disposicións polas cales se aproben as peaxes de acceso, conforme o establecido no artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, sen prexuízo do establecido no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico. O prezo dos

«dereitos de cobramento déficit 2010» verase incrementado polo desaxuste temporal das liquidacións do sistema eléctrico que se produza en 2010, que será o que resulte no informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre os resultados da liquidación 14 de 2010, até unha contía máxima de 2.500 millóns de euros.»

Tres. O número 2 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«2. A emisión dos ditos instrumentos financeiros realizarase ben a prezo convidado ou estimado coas entidades financeiras que dirixan a colocación, que terá en conta as condicións do mercado no momento de se realizar a emisión, ben mediante operacións de venda simple de valores, ou ben mediante un procedemento de poxa. As poxas serán convocadas pola Comisión Interministerial, que determinará os seus prazos e condicións.»

Catro. O artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Procedemento de selección das entidades colocadoras e subscritoras.*

1. No primeiro dos casos mencionados no número 2 do artigo 11 as entidades seleccionaranse de forma individual mediante un procedemento competitivo baseado nos seguintes criterios:

a) Criterios de carácter técnico, que terán en consideración a súa capacidade para distribuír instrumentos financeiros similares tanto en mercados nacionais como estranxeiros, a súa experiencia neste tipo de operacións e a súa capacidade de asesoramento.

b) Criterios de carácter económico en relación coa contía das comisións que cobrarán as ditas entidades polos seus servizos prestados e indicacións de prezo orientativo ao cal consideran viable a colocación.

Estes criterios serán concretados pola Comisión Interministerial e publicaranse, coa debida anticipación, na páxina web da Sociedade Xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico. Así mesmo, tamén se poderán ter en conta compromisos adicionais que as entidades financeiras estean dispostas a asumir co Fondo de titulización, incluído o compromiso de adquisición parcial da emisión en condicións de mercado ou de adquisición da contía non colocada.

Nas sucesivas emisións do Fondo de titulización revisaranse as entidades seleccionadas conforme os criterios establecidos no número 1 deste artigo e terase en conta a actuación das ditas entidades en emisións anteriores do mencionado Fondo.

A Sociedade Xestora será a encargada de recibir as ofertas das entidades interesadas. A selección final de entidades colocadoras corresponderá á Comisión Interministerial, unha vez que a sociedade xestora lle remitise as ofertas das ditas entidades.

2. Nas operacións de venda simple seleccionaranse unha ou varias entidades subscritoras de forma individual mediante un procedemento competitivo baseado en criterios tales como o prazo, o prezo e o volume que se vaia subscribir. Para seleccionar as entidades subscritoras solicitaranse, ao menos, tres ofertas.

A sociedade xestora será a encargada de recibir as ofertas das entidades. O proceso de selección das entidades subscritoras corresponderá á Comisión Interministerial. A Comisión Interministerial poderá delegar esta función no Comité de Seguimento.»

Cinco. O número 3 do artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«3. Aprobar o prezo dos instrumentos financeiros nas operacións de venda simple, así como o prezo convido ou pactado coas entidades de crédito conforme o establecido no primeiro dos casos do número 2 do artigo 11 deste real decreto;»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO